


Romaría cativa de Bonaval

Festas do Apóstolo 2016

———— FESTIVAL INFANTIL ————

————
UNHA PROGRAMACIÓN PARA TODOS OS PÚBLICOS



Apóstolo 2016



Programación // sábado 23 de xullo

12.00 - Apertura Romaría Cativa

Xogos Xandobela

Espazo do Xogo Libre

Obradoiro de Circo con Teatro dos Ghazafelhos

12.30 - Espectáculo de circo con Javi Javichi (Madrid)

13.00 - Concerto de Pablo Díaz e a banda do Tic Tac

14.00 - Xantar no parque

17.30 - Reapertura dos espazos de xogo

18.00 - Espectáculo de circo con Javi Javichi

18.30 - Concerto de Xoán Curiel “Estamos no verán”

19:30 - Obradoiro Músicas para peto

19:30 - Espectáculo de maxia con Martín Camiña

20:00 - Concerto de As Fadas Magrinhas (Brasil)



Pablo Díaz e a banda do Tic Tac

Pablo Díaz é un prestixioso músico coruñés, que debutou co seu primeiro traballo discográfico TIC TAC apadriñado por Santiago Auserón, en decembro de 2009, coa editorial Kalandraka, acadando un éxito espectacular en Galicia, xa que a primeira edición do traballo esgotouse en 3 meses, e vai xa pola 5ª edición. Con este traballo resultou un dos 3 finalistas nos premios galegos da música Martín Códax. Foi o gañador do premio "Anisia Miranda á creatividade infantil" en 2011.

En novembro de 2013, ve a luz o segundo traballo, TOC TOC, da editorial Galaxia, que xa tivo que ser reeditado en febreiro de 2014 e do que van vendidos máis de 5000 libro-discos. Con este traballo está percorrendo gran parte da xeografía galega con múltiples concertos e resultou gañador en decembro do 2014 do Premio da Música Martín Códax como mellor traballo de música infantil. Foi gañador tamén este 2015 do premio Frei Martín Sarmiento para os escolares de educación infantil da nosa comunidade.



Xoan Curiel - "Estamos no verán"

Xoán Curiel e a banda Son+d2, presentan este espectáculo para público infantil e familiar. Con músicas moi cañeiras que tocan estilos como o funk, o rock ou a bossa nova, e que sintonizan coa onda do Xabarín. Un espectáculo con 4 músicos, 2 cantantes e unha bailarina, cheo de música, historias, danza e coreografías que fan participar ao público e mergullan aos rapaces e rapazas nun soño de verán...



As Fadas Magrinhas

O grupo Fadas Magrinhas está composto polas xemelgas brasileiras Aninha e Lulu Araújo. Grandes admiradoras do folclore Pernambucano, estas irmás levan ao palco toda a riqueza e alegría desas tradicións, entoando cancións en ritmos de frevo, Coco, Maracatu e Caboclinho. Ademais das músicas do seu CD, a banda toca cancións como Noite no Castelo de Hélio Ziskind, Borboletinha e Baratinha de Domínio Público, Chegança de Wilson Freire e Antônio Nóbrega e o Clássico da Palavra Cantada, Criança Não Trabalha.

Este espectáculo trae, ademais, a novidade da percusión corporal, da utilización de obxectos e instrumentos.

A banda está formada polas irmás Lulu e Aninha Araújo, que asumen o vocal e a percusión, ademais dos músicos Públius Lentulus, na guitarra, bandolín e vocal; Hugo Linns no baixo e sampler e Ricardo Fraga na batería.



CIRCO - CLOWN

Javi Javichi

Javi Javichi, máis coñecido como El Malabarista de la Pista, é actor, showman e malabarista, con experiencia na realización de animacións en eventos e festivais por todo o estado.

Compañía formada fai mais de 12 anos, de forma totalmente autodidacta nos principios e tras un período de formación en distintas escolas de teatro e circo. Continuamente reciclando a técnica con novos cursos e seminarios, nestes momentos a compañía presenta dous novos espectáculos de formato teatro circo para todas as idades, así como distintas rutinas de circo contemporáneo.

Nos últimos anos traballou en distintos medios, destacando sen dúbida a súa participación en diversos programas de televisión, como os populares 1, 2, 3, A Leer esta Vez (TVE 1) e El Club Megatrix (Antena 3), como malabarista, ou Pecado Original (Tele 5), como presentador.

Igualmente, no seu currículo conta con participacións no Festival Internacional de Teatro de Calle de Valladolid, Festival Internacional de Teatro de Getafe, Festival De Gorra 2005 ou o Festival Internacional de Teatro de SHIZUOKA en Xapón, así como un proxecto benéfico de UNICEF en diversos países de África.



Martín Camiña

Martín Camiña é un dos magos máis recoñecidos de Galicia contando cunha dilatada experiencia profesional no mundo do ilusionismo. Os seus espectáculos foron premiados varias veces en España e Portugal. Toda a península, Alemaña ou Xapón son algúns lugares onde se ten contemplado a súa maxia.

Obradoiro de circo con Teatro dos Ghazafellos

A finalidade deste obradoiro é que, a partir de diferentes xogos participativos os nenos e as nenas poidan experimentar a manipulación dos elementos de traballo do circo. Os integrantes da compañía Teatro dos Ghazafellos serán os monitores especialistas que guiarán a actividade co fin de que todas e todos poidan conseguir converterse por un día en artistas.

Este día habilitarase un espazo cheo de elementos circenses que os nenos e nenas irán probando coa axuda dos monitores, ata que se sintan seguros e eles mesmos os poidan empregar, música circense e moita maxia....

Elementos:

- Cable de equilibrio
- Zancos
- Mazas
- Bolas
- Diábolos
- Ciclos variados
- Pedaletas...





Músicas para peto - Obradoiro musical con instrumentos miúdos

Os obxectivos deste obradoiro son: Amosar as posibilidades musicais que ofrecen os instrumentos de reducidas dimensións; amosar que a música é unha arma de distracción masiva, unha ferramenta perfecta contra o “aburrimento”; descubrir ao público infantil, audiencia do futuro, que a música é un arte ao alcance de calquera persoa; relativizar o papel da “alta cultura” e reivindicar a música popular como xeito de manifestación artística válida e universal; amosar aos pais e nais que a música é un ben accesíbel para os petos de calquera economía; chamar a atención do interese das crianzas pola creatividade e desenvolvemento de aptitudes persoais por medio de obxectos de uso cotián e pasar o tempo divertíndose.

O obradoiro estará dirixido por Mauro Sanín Leira (a.k.a. Ariel Ninas), músico polifacético asociado ao proxecto cultural d’a Central Folque, Centro Galego de Música Popular onde desenvolve a súa actividade profesional regular.



A Casa dos xogos

“A casa dos xogos” propón unha xornada de xogo diferente, un gran espazo de convivencia e relacións humanas, unha ferramenta lúdica de calidade, nova e accesible a todos os públicos dende a primeira infancia.

So, en familia, cos amigos, facendo amigos, cada un pode aproveitar nesta macro ludoteca un xeito novo de divertirse, onde os participantes poderán aproveitar xogos de curta duración ate longas horas de xogo.

“A casa dos xogos” preséntase como un gran espazo repartido por áreas de xogo onde os participantes poderán experimentar unha amplísima compilación de xogos tradicionais chegados dos cinco continentes.



XOGOS

Xandobela

O xogo é a ferramenta principal do traballo de Xandobela, o seus eixo vertebrador, presente en todas as súas actividades, proxectos e intervencións. Un dos seus retos é revalorizar o papel que o xogo ten na vida das persoas e das comunidades, por esta razón, propoñen actividades de creación de xogos, dinamización de espazos e eventos, e variados xogos e xincanas para traballar contidos socioeducativos e culturais.







CONCELLO DE SANTIAGO